

Solicitudes de Admisión / curso 2024-2025

Prazo: do 1 ao 20 de marzo

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS EN CADA ETAPA E NIVEL:

| CURSO | PRAZAS OFERTADAS | NEAE | PERMANENCIAS | VACANTES ESTIMADAS |
|-------------|------------------|------|----------------------------|--------------------|
| 4º Infantil | 20 | 3 | 0 | 20 |
| 5º Infantil | 25 | 0 | 11 | 9 |
| 6º Infantil | 25 | 0 | 16 | 4 |
| 1º Primaria | 25 | 3 | 13+ (3 reservas asignadas) | 3 |
| 2º Primaria | 25 | 0 | 18 | 0 |
| 3º Primaria | 25 | 0 | 19 | 0 |
| 4º Primaria | 25 | 0 | 17 | 3 |
| 5º Primaria | 25 | 0 | 14 | 4 |
| 6º Primaria | 25 | 0 | 16 | 4 |

Normativa e manuais

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opcións descritas a continuación:

1. Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:

Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá seleccionar a opción de menú **“Solicitudes --> Reserva/Admisión--> Crear”**. Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións.

Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “**Crear e Confirmar**”. Feito isto poderá descargala para asinar e presentar no centro.

2.Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica:

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a **admisionalumado** con usuario de **Chave365** ou con **certificado dixital**, para iso deberá premer na icona verde que se atopa arriba á dereita. Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú “**Solicitudes --> Reserva/Admisión --> Crear**”.

Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “Confirmar solicitude” e posteriormente premendo no botón "Firmar e presentar en Sede Electrónica", poderá asinar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de sinatura remate correctamente. Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar a solicitude.

IMPORTANTE: Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o anexo bis dixitalizado.

3.Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro:

Se non desexa cubrir a solicitude dixitalmente pode facelo de xeito manual descargando dende os seguintes enlaces os documentos, cubrilos e presentalos firmados no centro.

ADMISIÓN:

- [SOLICITUDE: Galego](#)
- [SOLICITUD: Castelán](#)

A solicitude ten que estar asinada polos dous proxenitores

As dúbidas serán resoltas polo centro educativo en horario de 08:30 a 14:00H.

Teléfono de contacto: **886.151082**

Enderezo electrónico: **ceip.fontes.bainha@edu.xunta.gal**